

Avda. Ambulatorio, s/n (Edif. Antigo Centro Médico)
Telf: 981 70 40 48 Fax: 981 70 47 80
15100 CARBALLO (A Coruña)



ACTA DÁ REUNIÓN DÁ XUNTA DIRECTIVA DÁ ASOCIACIÓN PROVINCIAL DE PROTECCION CIVIL
DÁ CORUÑA

En Carballo a 10 de Xaneiro de 2017 sendo as 16:00 horas, presentáronse os seguintes membros da Xunta Directiva.

Presidente: José Antonio González Del Oso

Secretaria: Oliva García Trasancos

Tesorero: Juan M. Corral Sánchez

Vogal: Begoña del Río Martínez

Vogal: Ignacio Pérez Hermo

Vogal: Silvia Chamorro Díaz

Vogal: Honorino Raña Raña

Asesor a Presidencia: José Luís Barca Añón

Asesor a Presidencia: Ramón Pérez Barrientos

Asesora a Presidencia: Rosa Ana García Fernández

Orde do día:

1. Informe de Presidencia.

O Sr. Presidente da lectura a Acta da reunión anterior que os membros da Xunta Directiva recibiron por correo electrónico que se aproba por unanimidade dos presentes.

Asemade o Sr. Presidente da conta da reunión mantida o pasado 4 de decembro en Santiago de Compostela cos Presidentes das outras Asociacións e Federación

Provinciais, na que se acordou entre outros asuntos que D. José Antonio González Del Oso Presidente da Asociación Provincial de Agrupacions de Voluntarios de Protección Civil de A Coruña sexa o representante na Comisión Galega de Protección Civil no ano 2017 e como suplente o Presidente da Asociación Provincial de Ourense, rotatoriamente no 2018 representara o Presidente da Asociación de Ourense, no 2019 o Presidente da Asociación de Pontevedra e no 2020 o Presidente da Federación Lucense.

Nesta reunión deron conta os asistentes da consabida problemática da Formación e a elección das sedes dos Cursos, asemade aproximaronse posturas sobre o material necesario para as Agrupacions/Asociacions a adquirir por parte da Xunta neste ano en curso. Levantouse Acta desta reunión que unha vez asinada por todos os interlocutores farase chegar a Rexistro da Xunta para trasladala a Dirección Xeral asemade acordan solicitar reunión co Director para retomar temas de Formación, adquisición de material e propoñer a subida da cuantía total do presuposto das subvencións a 600.00 euros.

2. Proposta de Presidencia.

Acordase por unanimidade dos presentes convocar con carácter Extraordinario Asamblea co fin de realizar modificacións nos Estatutos da Asociación e incorporar a este un Regulamento Electoral, fíxase data para o vindeiro venres 20 de xaneiro as 20:30.

Acordase por unanimidade dos presentes solicitar Subvención FOENAA a Diputación de A Coruña co fin de realizar formación o longo do ano para o persoal Voluntario das Agrupacions de Protección Civil da Provincia de A Coruña.

3. Rogos e Preguntas

Reiterase o rogo de búsqueda de vías de apoio económico ou material para as Grandes Cidades, ya que as actuais financiación de fondos Europeos exclúen as poboacións de máis de 50.000 hab.

Preguntase polo Acto de entrega de Medallas Honoríficas e o Mérito da Asociación Nacional previsto para primeiros de ano 2017, comunicase que xa ten data fixada co beneplácito da Dirección xeral para o vindeiro 25 de marzo nas instalacións da AGASP. Informase da próxima comunicación as Agrupacions /Asociacions das catro Provincias, así como os criterios de valoración para concesión das mencions, etc...

Sen máis asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as 17:30 horas